

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 017/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación da [REDACTED] mediante escrito do 18 de xaneiro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED] mediante escrito con entrada no rexistro da Xunta de Galicia o día 18 de xaneiro de 2018, presentou recurso que cualificou de recurso extraordinario de revisión, contra a Resolución do 11 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, pola que se inadmite a súa solicitude de 8 de decembro de 2017 na que mediante un modelo de solicitude de acceso á información pública, [REDACTED] instaba á referida Consellería á intervención e disolución da Confraría de Pescadores da Coruña.

Segundo.- Solicitada a remisión de informe á Consellería do Mar, con data de entrada do 6 de marzo de 2018, ten entrada o expediente xunto co seu informe, no que se conclúe que o obxecto da solicitude e do recurso é unha materia allea ao concepto de información pública definido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ao tratarse dun

procedemento no que o solicitante insta á consellería á intervención e disolución dunha Confraría de Pescadores.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa á súa impugnación en vía contencioso-administrativa

Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento para a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, tendo estas carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se tramitarán de acordo co disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 reconece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que o interesado interpuxo o recurso con data de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 8 de xaneiro de 2018, contra a resolución do 5 de xaneiro, debe admitirse a reclamación por terse presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A normativa en materia de transparencia, tanto a normativa estatal que ten carácter básico na súa maior parte, como a autonómica, recoñecen o dereito de calquera persoa a obter información pública que conste en poder dun suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei, neste caso dun centro directivo da Xunta de Galicia, que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Os cidadáns teñen dereito pois a que se lles informe da documentación existente, creada ou adquirida para o exercicio das funcións que a normativa encomenda aos suxeitos, cos límites, como establece o artigo 25 da Lei 1/2016, que estableza a normativa básica.

No presente caso, a solicitude inicial presentouse nun modelo de acceso á información pública (modelo PR100 A da Xunta de Galicia), pero en realidade non se trata dunha petición de acceso á información pública, senón dunha solicitude de actuación dirixida á Consellería do Mar para que interveña nunha determinada Confraría de Pescadores; por tanto, non habendo solicitude de acceso á información pública, non procede a admisión do recurso en materia de acceso á información pública, dado que este está reservado, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, para a impugnación en materia de acceso á información pública.

A Lei non recoñece, como é obvio, o dereito a solicitar información ou documentos que non existen, e no presente caso non existe, porque nin a normativa reguladora do suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei, nin a actividade concreta sobre a que se pide, non o esixe.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED], actuando en representación [REDACTED] contra a Resolución do Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar do 11 de decembro de 2017, pola que se inadmite unha solicitude presentada mediante modelo de solicitude de acceso á información pública, na que solicita a intervención e disolución da Confraría de Pescadores de A Coruña.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga